

AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR

- **Presentación da solicitude: do 19 de maio ata o 22 de xuño.**
- **Publicación das listaxes provisionais: o 11 de xullo de 2022.**
- **Reclamacións: do 12 e 13 de xullo de 2022.**
- **Para publicar as listaxes definitivas: o 22 de xullo de 2022.**

DEBERÁN PRESENTAR A SOLICITUDE **TODOS/AS OS ALUMNOS/AS** QUE DESEXEN SOLICITAR AS AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR.

O NOSO CENTRO PARTICIPA NO PROXECTO EDIXGAL DENDE 1º ATA 4º DE ESO, POLO QUE NON HABERÁ LIBROS DE TEXTO, EN CONSECUCIA NON PODERÁ SOLICITARSE A PARTICIPACIÓN NO FONDOLIBROS PERO SÍ NA SOLICITUDE DE AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR.

NON SE ADMITIRÁN SOLICITUDES PRESENTADAS MÁIS TARDE DO 22 DE XUÑO.

Terase en conta para o cálculo da renda per cápita familiar a **declaración da renda** con data **31 de decembro de 2020.**

Documentación necesaria para solicitar a participación no fondo solidario de libros de texto ou as axudas á adquisición de libros de texto e/ou material escolar:

As solicitudes presentaranse **preferiblemente por vía electrónica** nos formularios normalizados dispoñibles na páxina **Fondolibros** (<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente nos centros docentes ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

- Solicitude: **Anexo I**. Se hai varios membros da unidade familiar matriculados no mesmo centro entregarase **UNHA SOA SOLICITUDE**, agás se se presenta de forma telemática que deberá presentarse unha por cada alumno/a
- Membros computables da unidade familiar. Copia do libro de familia ou:
 - Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou, de ser o caso, convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.
 - Certificado ou volante de convivencia.
 - Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.
 - Certificado de defunción.
- Poderá entregar o **Anexo II** para autorizar a consulta telemática dos datos, se non é así deberá presentar a documentación xustificativa correspondente.

MÁIS INFORMACIÓN:

<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros/>

<http://www.edu.xunta.gal/portal/fondolibros>